



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARRAL

*Aprobación, exposición pública e posta ao cobro do padrón auga - sumidoiros - depuración - canon da auga 1º trimestre 2026*

### ANUNCIO

**Expediente TEDEC : 2025/X999/000076**

Por resolución ditada en data 18 de maio de 2026, Decreto nº 220/2026, o Sr. Alcalde resolveu :

**PRIMEIRO.**-Aprobar o padrón da taxa de auga- sumidoiros do Concello de Carral correspondente ao primeiro trimestre do 2026 (xaneiro, febreiro e marzo do 2026), co seguinte resumo:

CONCEPTO		Nº CLIENTES (contratos)	CONSUMO, m <sup>3</sup>		IMPORTE, euros	
			medio	a facturar	base	iva
ABASTECIMIENTO	NO DOMÉSTICO	322	15.690	15.996	16.347,53	1.634,33
	DOMÉSTICO	2.762	57.956	59.095	49.819,55	4.979,26
	OBRAS	22	636	636	659,02	65,84
	AYUNTAMIENTOS	3	22.455	21.891	6.188,59	618,86
	TOTALES	3.109	96.737	97.618	73.014,69	7.298,29
ALCANTARILLADO	NO DOMÉSTICO	197	11.261	11.370	1.364,40	136,33
	DOMESTICO	2.071	44.212	45.027	5.297,34	528,62
	OBRAS	16	486	486	58,32	5,84
	HOSTELERÍA	26	1.257	1.315	157,80	15,76
	TOTALES (solo alcant)	2.310	57.216	58.198	6.877,86	686,55
DEPURACIÓN	NO DOMÉSTICO	229	11.261	11.370	7.211,64	721,80
	DOMÉSTICO	2.105	44.137	44.952	16.400,99	1.645,38
	OBRAS	17	486	486	344,92	34,53
	HOSTELERÍA	27	1.257	1.315	812,70	81,32
	TOTALES (solo depurac)	2.378	57.141	58.123	24.770,21	2.483,03
CANON DEL AUGA		3.105	74.265	72.710	23.685,27	--
ALQUILER DE CONTADOR		2.380	--	--	4.099,27	869,10

**SEGUNDO.**- Expoñer ao público o devandito padrón, por prazo de quince días desde o día seguinte á correspondente publicación no boletín oficial da provincia, nas dependencias municipais, nas oficinas de EMALCSA en Carral (Costa do Pincho, 40-42) e na Coruña (Rúa Manuel Murguía s/n- Casa da Auga).

Esta publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. As persoas interesadas poderán examinar as liquidacións e presentar reclamacións durante un período de quince días, contados a partir da data de inicio do cobramento da referida taxa, nas dependencias sinaladas e no teléfono de Atención ao Cliente (981242322).

**TERCEIRO.**- Aprobala liquidacións que figuran no citado padrón dos abonados que constan no expediente desde A Taberna XXI S.L. ata Zerpa Chacón, Steven Brayan polo importe global de 143.784,31 € (120.099,04 € de liquidacións -abastecemento, sumidoiros, depuración e alugueiro contadores- e 23.798,39 € de canon de Augas de Galicia, descontadas as bonificacións -113,12 €-).

**CUARTO.-** Contra as liquidacións incorporadas ao Padrón, tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente. Así mesmo, a repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

**QUINTO.-** Que se poñan ao cobro os recibos correspondentes a tales liquidacións. O período voluntario de cobro será de dous meses desde o día seguinte á publicación no boletín oficial da provincia -BOP- do citado edicto. Transcorrido este prazo iniciarase o período executivo e a débeda resultante esixirase polo procedemento de prema e devengarase os correspondentes xuros do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan. Así mesmo, a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos que obran nesta Administración e que foron entregados a EMALCSA, S.A.. Por razóns de eficacia administrativa e co fin de evitalles desprazamentos e esperas innecesarias ás persoas contribuíntes, este sistema será considerado coma preferente. Os recibos domiciliados serán remitidos ás correspondentes contas bancarias a partires do día 28 de maio de 2026.

Nas dependencias de EMALCSA en Carral ou na Coruña ou no número de conta que EMALCSA habilitou ao efecto: ABANCA IBAN ES63 2080 0002 6130 4000 1747 .

Para os efectos de lograr unha maior eficacia na prestación destes servizos prérgase a todas as persoas usuarias que, en caso de detectaren algunha anomalía ou erro nos seus datos identificativos de titularidade, enderezo ou conta corrente, se poñan en contacto con EMALCSA á fin de que se poida proceder á rectificación dela.

**SEXTO.-** Comunicarlle este decreto a EMALCSA.

Concello de Carral, 18 de maio de 2026

O alcalde

José Luis Fernández Mouriño

2026/3221